

A profesionalización feminina na
Segunda República española (1931-1936).
O acceso ao cargo de inspectora de Traballo

*Women's professionalization in
the Second Spanish Republic (1931-1936).
Access to the post of Inspector of work*



OLGA PAZ TORRES

Profesora doutora de Historia do Dereito e das Institucións da Universidade Autónoma de Barcelona

Resumo

Este traballo céntrase en analizar o caso da primeira inspectora provincial de Traballo en España, Isabel Oyarzábal Smith (1878-1974), que accedeu a esta profesión durante a Segunda República española. O estudo do arquivo persoal da nosa protagonista constata as súas facetas altamente diversas e heteroxéneas, como activista feminista e republicana. Isabel Oyarzábal Smith pode ser estudada desde ámbitos ben distintos, o que entronca coa presentación da biografía dunha muller que desenvolve o seu máximo potencial nun mundo de homes, non en van existe unha cada vez máis profunda revisión historiográfica da presenza das mulleres ao longo da historia.

Palabras chave: muller, Inspección de Traballo, Segunda República.

Abstract

The present work focuses in the analysis of the case of the first Provincial Inspector of work in Spain, Isabel Oyarzábal Smith (1878-1974), profession to which she accesses during the Second Spanish Republic. The study of the personal archive of our protagonist ascertains her highly diverse and heterogenous facet as a feminist and a republican. Isabel Oyarzábal Smith can be studied from very different fields. This aspect deals with a basic premise that is the presentation of the biography of a woman that develops her maximum potential in a world of men. Today there is an increasingly thorough revision of the historical presence of women throughout history.

Keywords: woman, Inspection of Work, Second Republic.

Ao nos presentar ao señor, este preguntoulles aos meus irmáns: «Pequenos, que queredes ser de maiores?» Non lembro o que contestaron, mais vendo que a min non me preguntaba nada, cando tiña toda a cabeza chea de soños, acheguéimelle e díxenlle: «Eu vou ser capitán de barco». «As nenas non son nada», contestou mirándome. Por estas palabras tomeille un odio terrible a este señor. Que é iso de que as nenas non son nada?

Paloma Ulacia Altolaguirre, «Concha Méndez y Luis Buñuel»¹.

1. Presentación

Este traballo céntrase en analizar o caso da primeira inspectora provincial de Traballo en España, Isabel Oyarzábal Smith (1878-1974), que accede ao devandito posto por oposición durante a Segunda República española, máis concretamente no ano 1933.

Neste sentido, o estudo do arquivo persoal da nosa protagonista non fai máis que constatar as súas facetas altamente diversas e heteroxéneas, como activista feminista e republicana. Isabel Oyarzábal Smith pode ser estudada desde ámbitos ben distintos, o que entronca coa presentación da biografía dunha muller que desenvolve o seu máximo potencial nun mundo de homes², non en van existe unha cada vez máis profunda revisión historiográfica da presenza das mulleres ao longo da historia.

A historia das mulleres, centrada no estudo das identidades de xénero e as súas proxeccións socioculturais, representa un dos núcleos temáticos desta revisión nos últimos quince anos³. Neste marco adquieren significado as identidades subxectivas e colectivas, a biografía e o método biográfico⁴, as mediacións entre o individuo e as estruturas. Así, os estudos biográficos e a autobiografía constitúen dous importantes

¹ ULACIA ALTOLAGUIRRE, P. (1993) «Concha Méndez y Luis Buñuel» *Ínsula* DLVII. Paloma Ulacia é a neta de Concha Méndez e autora das súas *Memorias habladas, memorias armadas*, publicadas en Madrid por Mondadori no ano 1990.

² PAZ TORRES, O. (2010) *Isabel Oyarzábal Smith (1878-1974). Una intelectual en la Segunda República española. Del reto del discurso a los surcos del exilio*. Sevilla, Consello Económico e Social de Andalucía.

³ RAMOS PALOMO, M.^a D. (2006) «Arquitectura del conocimiento, historia de las mujeres, historia contemporánea. Una mirada española. 1990-2005» *Cuadernos de Historia Contemporánea* 28, pp. 17-40.

⁴ BORDERÍAS, C. (1997) «Subjetividad y cambio social en las historias de vida de mujeres: notas sobre el método biográfico» *Arenal* 4, pp. 177-195.

campos da historia das mulleres⁵ que se ven potenciados coa edición de textos como as memorias de Victoria Kent⁶ ou Clara Campoamor⁷. No século XIX, o século dos grandes movementos sociais emancipatorios, o feminismo aparece cunha identidade autónoma teórica e organizativa.

Como moitas mulleres, Isabel Oyarzábal é de formación autodidacta, e a este respecto o círculo cultural e intelectual con que entra en contacto en Madrid nas primeiras décadas do século XX é decisivo. A súa calidade de intelectual cremos que se consolida no exilio mexicano, e a partir dos anos trinta devén unha humanista.

Así mesmo, vai tratarse dunha muller politicamente moi ben conectada, de aí en parte que o papel que xoga na Segunda República sexa relevante. Pertence desde 1931 á UXT e ao PSOE, e obtén a confianza persoal de políticos do talle de Francisco Largo Caballero, Luis Araquistáin ou Julio Álvarez del Vayo. Sen ser xurista, sorprende a súa actuación neste ámbito como experta en cuestións de dereito internacional relacionadas coa escravitude infantil e feminina.

Polo seu perfil biográfico e científico, Isabel Oyarzábal é paradigmática dunha España destruída, e pola súa vida é representativa do destino das persoas que perderon a guerra civil española. Gran parte da traxectoria vital de Isabel Oyarzábal foi a dunha republicana que queda sen República.

2. A historia vista a través das mulleres

O primeiro punto que me gustaría salienta é que non pretendo referirme soamente a unha historia baseada de xeito exclusivo no rescate das contribucións das mulleres, senón falar da experiencia delas mesmas. Unha primeira cuestión é a de valorar como sería a mesma historia se fose vista a través dos seus ollos e organizada segundo os seus propios valores.

A historia das mulleres está interesada nesta construción social da diferenza sexual e as súas implicacións políticas e sociais, que cuestionan unha historia das mulleres

⁵ MANGINI, S. (1997) *Recuerdos de la resistencia: la voz de las mujeres de la Guerra civil española*. Barcelona, Península.

⁶ KENT, V. (1978) *Cuatro años de mi vida. París, 1940-1944*. Barcelona, Bruguera.

⁷ CAMPOAMOR, C. (2006) *El voto femenino y yo: mi pecado mortal*. Madrid, Horas y Horas.

sectorial e postulan, pola contra, a necesidade de integrarmos a historia das mulleres na construción globalizadora da historia. O xénero é determinante na configuración política, cultural e social do mundo contemporáneo, a través da marcada organización social e política baseada na diferenza sexual e a reprodución biolóxica.

Desde esta óptica, pode reconstruírse unha historia das mulleres no plano social máis completa á hora de interpretarmos aspectos relacionados con temas como a autoridade, o poder, o saber etc. Con todo, é evidente que as dificultades para recuperarmos a actividade destas mulleres é maior, posto que a obra que deixan se atopa dispersa, descatalogada, en moitas ocasións. Ademais, imos encontrarnos, como no caso de Isabel Oyarzábal, con escritos bastante afastados do canon textual, en forma de conferencias, cartas, crónicas xornalísticas, memorias etc., polo que se fai necesario un traballo previo de pescuda en arquivos e bibliotecas.

As mulleres republicanas que, como Isabel Oyarzábal, alcanzaron certo recoñecemento foron consideradas como anómalas, posto que romperon cun discurso insistente na súa inferioridade intelectual, emocional e moral, que xustificara a aparición de barreiras ao seu desenvolvemento, fundamentalmente institucionais e xurídicas.

Isto implica, de entrada, a reconceptualización en clave de xénero de nocións básicas como cidadanía, democracia ou liberalismo. Non son os conceptos de sufraxio universal ou o de constitucionalismo excluíntes no tocante ás mulleres? Descoñecemos en que medida afectan estas palabras á cultura e á práctica política do país.

3. Traslado do discurso baseado na inferioridade ao ámbito xurídico

Tras a revolución liberal o rol feminino vese afectado no sentido de que se establece un eixe político e xurídico que non concirne ás mulleres⁸. Entendemos que os dereitos proclamados polo liberalismo non teñen nelas ningunha proxección. O universo xurídico pensa en masculino á vez que se consagran as esferas pública e privada e a marxinación da muller ao espazo privado. Non podemos obviar este aspecto na análise da lexislación: a distinta percepción do xénero feminino implica unhas consecuencias moi marcadas.

⁸ Na *Declaración de dereitos do home e do cidadán* de 1789, columna vertebral da nova orde liberal, «home» efectivamente parece referirse máis a *andros* do que a *anthropos*.

Parece claro que o novo sistema liberal lle permite ao home desenvolver a vida social de acordo cos roles que se lle atribúen, todos os cales apuntan cara ao espazo público ou exterior, empezando polo de gañador do pan. En cambio, e inmediatamente, xorden algunhas preguntas a respecto do papel da muller que é nai e ademais traballa. Que facer con ela? Non queda dislocada a feminidade cando se incorpora a espazos basicamente masculinos? Como se harmoniza a maternidade co proceso de emancipación feminina?

No marco desta formulación, xorde no plano social o discurso da protección da muller que coincide co cambio de século⁹. Anotemos que non se trata dunha política xurídica baseada na non discriminación, pola contra: trátase da continuidade social e xuridicamente aceptada do modelo de familia tradicional, onde o varón é o *breadwinner* e a muller é a cuidadora do fogar.

Todo isto ten lugar nun contexto en que a progresiva e imparable incorporación ao traballo asalariado por parte das mulleres é unha realidade. Até tal punto é así que os traballos da Comisión de Reformas Sociais (1873), exemplo temperán do intervencionismo científico, dedican ao traballo da muller parte dos cuestionarios con que solicitan información sobre o estado da clase traballadora¹⁰.

Trátase dun dos aspectos da vontade do lexislador. Na letra de lei vemos o establecemento de dereitos precarios, motivados por un incipiente intervencionismo político cuxos representantes, homes, se moven máis comodamente no discurso da filantropía e a caridade cristiá.

4. Condicións propicias para o acceso feminino a determinadas profesións

En 1899, o xurista Adolfo Posada xa sinalaba a dúbida, compartida pola maioría da sociedade, da capacidade de sufraxio da muller: «Concederlle o voto á muller, aínda

⁹ Por outro lado é certo que na España do século XIX, con Concepción Arenal á cabeza, xorde a denominada «conciencia nova» en busca dunha identidade feminina propia. Publicacións como *Instrucción para la mujer* (1882) xa consideraban a incorporación das mulleres ao mundo do traballo. Véxase, entre outros, ARENAL, C. (1869) *La mujer del porvenir*. Sevilla, Eduardo Peire; e DE BURGOS, C. (1911) *Misión social de la mujer*. Bilbao, Imp. José Rojas.

¹⁰ Véxase GARCÍA GONZÁLEZ, G. (2008) *Orígenes y fundamentos de la prevención de riesgos laborales en España (1873-1907)*. Albacete, Bomarzo. ÍDEM (2001) «Antecedentes a la Ley de Accidentes de Trabajo de 1900 en materia de prevención de riesgos laborales (1873-1900)» en Pons, J. *et al.* (coords.) *Trabajo y relaciones laborales en la España contemporánea*. Sevilla, Mergablum, pp. 395-404.

para as eleccións locais, está tan distante da opinión dominante sobre a capacidade política da muller que non é en España nin sequera cuestión»¹¹. O primeiro feminismo non parte dunha noción de igualdade, senón da diferenza de roles sociais e políticos entre homes e mulleres; mais mentres nos anos vinte do século XX un impulso modernizador sacode Europa, en España a identidade feminina aínda segue a se apoiar no discurso da domesticidade, de maneira que traballo e vida pública conforman o eixe da identidade masculina¹².

O inicio do século XX, trasladado ao ámbito da muller, implica multiplicidade de tendencias: a muller burguesa, a muller fatal, a enferma permanente... Sobre o corpo feminino escríbese e reescríbese. Ora ben, que quere ela?

O despertar das mulleres comeza a definirse na Primeira República e desenvólvese na Segunda República española, onde a variedade de posicións no feminismo é moi heteroxénea. Este despertar prodúcese en parte grazas á cidade, a *cosmópole*, que devén aliada da muller: Baudelaire e as mulleres atrevidas en París, ou na Viena secesionista, na Barcelona modernista, a Bela Otero ou Sarah Bernhardt. Renóvase a cuestión feminina. Renóvanse os símbolos da loita: o corpiño convértese en icona de batalla. Parafraseando a José Carlos Mainer, no tempo histórico «tocan vésperas»¹³.

Entramos plenamente na Segunda República española, proclamada o 14 de abril de 1931. Trátase dunha etapa que foi cualificada de «fráxil» (Závala, 2004), mais en que a auténtica masa espiritual española saíu á superficie e se incorporou «ao primeiro plano da vida do país»¹⁴. O gran protagonismo da muller é unha das súas características: conseguen a independencia profesional, alén do dereito ao voto en 1933, aínda que non sen trabas, como veremos. Xuristas, ministras, delegadas do Goberno, escritoras, xornalistas... En xeral, pode afirmarse que se fomenta a desaparición das irritantes

¹¹ POSADA, A. (1994) *Feminismo*. Madrid: Consellería de Educación, Cultura, Deportes e Mocidade do Principado de Asturias, p. 223.

¹² NASH, M. (2000) «Identidad de género, discurso de la domesticidad y la definición del trabajo de las mujeres en la España del siglo XIX» en DUBY, G. e PERROT, M. *Historia de las mujeres en Occidente*. Madrid, Taurus.

¹³ MAINER, J. C. (2006) *Años de vísperas. La vida de la cultura en España (1931-1939)*. Madrid, Austral, p. 27.

¹⁴ COBB, C. H. (1981) *La cultura y el pueblo. España, 1900-1939*. Barcelona, Laia, 1981, p. 191 e ss.

desigualdades sociais¹⁵. De feito, a proclamación da Segunda República foi moi ben recibida por moitas mulleres, que se implicaron coa causa republicana grazas a que lle foron outorgados dereitos en condicións igualitarias a respecto dos homes.

Após se proclamar a Segunda República, o Goberno provisional designou unha comisión xurídica para que proxectase un texto constitucional. O anteproxecto foi ás Cortes o 14 de xullo e resultou rexeitado na súa totalidade. O proxecto definitivo de constitución foi preparado por unha comisión parlamentaria formada o 28 de xullo e presidida por Jiménez de Asúa. Aprobouse, con algunhas modificacións, o 9 de decembro de 1931 por 368 votos a favor, 89 ausencias e ningún pronunciamento en contra.

As Cortes constituíranse definitivamente o 27 de xullo de 1931 e ese mesmo día Victoria Kent e Clara Campoamor prometeron ante a Cámara os seus cargos de deputadas. Margarita Nelken incorporouse catro meses máis tarde, o 19 de novembro.

Durante a Segunda República houbo en España unha reestruturación dos discursos políticos e culturais en que a intelectualidade laica substituíu a aristocracia militar e o clero nas esferas de poder, coa súa aspiración a unha sociedade moderna baseada na idea liberal do progreso.

No tocante a isto, existe un aspecto de fondo valiosísimo para comprobarmos se a reestruturación dos discursos mencionados despraza o seu eixe: ver como entran as mulleres nel, cal é a análise da política de portas abertas que hai, así como descubrir as contradicións inherentes do discurso republicano en relación coa teórica igualdade. Para isto abonda con nos dirixir ás sesións das Cortes correspondentes ao gran debate sobre o voto feminino dos días 30 de setembro e 1 de outubro de 1931.

Así, o debate sobre o dereito ao voto das mulleres, por vez primeira e de xeito sistemático, ten lugar na Segunda República no momento de construír o réxime, como vemos. Implicaba, á súa vez, unha redefinición da cidadanía política igualitaria.

¹⁵ «Consolidado o réxime republicano, debe a muller colaborar con toda plenitude na vida nacional, esixir que lle sexan outorgados os seus dereitos e aplicar estes primordialmente á imposición de normas administrativas pulcras e decentes, o fomento do desenvolvemento da cultura, a desaparición de irritantes desigualdades sociais». É parte da resposta de Isabel Oyarzábal a unha pregunta sobre cal debía ser o labor da muller na República do xornal *Crónica* (1931). Fondo documental Isabel Oyarzábal Smith (inventario n.º 687 e rexistro 1812, 1), Arquivo Nacional de Cataluña (en diante, ANC).

Esta formulación en termos de igualdade universal marcou as brillantes intervencións de Clara Campoamor no ambiente sumamente hostil do debate constitucional aludido. Na interpretación sufraxista de Clara Campoamor, democracia e poder patriarcal eran incompatibles. Na transición cara ao réxime republicano, a lóxica política da igualdade e dos dereitos políticos universais foi asumida e defendida de forma pública por crecentes colectivos de mulleres. Neste sentido, a Unión Republicana Feminina, organización sufraxista fundada por Clara Campoamor en 1931, evocou a figura da muller cidadá e sostivo no seu programa o seguinte ideario¹⁶:

A defensa e protección dos dereitos políticos, xurídicos e sociais da muller; a defensa e protección do neno; a educación política e social do cidadán; a preparación da muller para o exercicio dos seus dereitos cívicos, activos e pasivos; a divulgación e exposición dos modernos principios internacionais de fraternidade e intelixencia dos pobos e pacifismo.

No debate está moi presente a crenza de que a concesión do voto ás mulleres significaría entregar o destino da República á «histeria feminina». Esta postura segundo a que «ao día seguinte, a muller vota cos curas e coa reacción», en relación coa súa suposta tendencia ao comportamento electoral reaccionario –por exemplo, esta era a opinión de Victoria Kent, Margarita Nelken¹⁷ ou o socialista Indalecio Prieto– implica a formulación dunha cidadanía excluínente en termos de conveniencia política. Isabel Oyarzábal deixa entrever nas súas memorias que o voto das mulleres en 1933 fixo que a vitoria se decantase a favor das forzas da dereita, a pesar de que ela está a favor da concesión¹⁸.

Deste modo a cidadanía excluínente está formulada non tanto a partir de parámetros teóricos como dunha necesidade política: en función de hipotéticas formulacións electorais. En calquera caso, ambos os supostos néganlle á muller a consideración de suxeito político. Os políticos do momento vinculan a muller ao comportamento político conservador, alén de revelaren certa inquietude pola ocupación de espazos, polo posible desprazamento da figura do político masculino.

¹⁶ CAMPOAMOR, C. (2006) *op. cit.*, p. 69.

¹⁷ ZAVALA, I. M. (2004) *La otra mirada del siglo XX. La mujer en la España contemporánea*. Madrid, La Esfera de los Libros, p. 150.

¹⁸ «*The women's votes, which in 1933 had contributed to the loss of the elections, were now turning the tide in favour of the republic*», en alusión ás eleccións de 16 de febreiro de 1936. OYARZÁBAL SMITH, I. (1940) *I Must have Liberty*. Nova York, Longman, Green and Co.

Neste sentido, concederlles o voto, e por extensión a consideración completa de cidadás, ás mulleres significaría entregar o destino da República á «histeria feminina»? É unha mostra das contradicións inherentes do discurso republicano e do cuestionamento da igualdade da muller, especialmente cando se constata que a chegada aos espazos públicos se ve minguada ás veces polos mesmos compañeiros de fila.

Todos os sectores da Cámara recoñecían a xustiza de lle outorgar o voto á muller, como criterio democrático e liberal; mais, aténdose a estas consideracións de índole práctica, algúns partidos temían que esta concesión redundase nun dano para a República, e por iso preferían un aprazamento do voto feminino.

Na votación parlamentaria gañou a igualdade coa estreita marxe de corenta votos. Así, a Segunda República é a primeira experiencia política que establece, cando menos, as armazóns para debuxar unha auténtica sociedade democrática e igualitaria en España. Con todo, é certo que ao mesmo tempo subsiste o substrato cultural e social tradicional, en que a mentalidade se decanta pola desigualdade de xénero.

O número correspondente a outubro de 1931 da revista *Mundo Femenino* (1918), voceiro da Asociación Nacional de Mulleres Españolas (ANME), cuxo lema é «Deber, dereito, xustiza», contén un seguimento detallado dos debates dos deputados e as deputadas na defensa do voto feminino. O titular máis destacado é o que aparece xunto a unha foto de Clara Campoamor¹⁹:

A República, mulleres españolas, elevounos á categoría de cidadás recoñecéndonos a plenitude de dereitos ao igual que o home. As mulleres españolas debémolle á República proclamada o 14 de abril un culto perpetuo de gratitude, e ao seu engrandecemento –que é o da Patria– debemos consagrar os nosos máis nobres valores espirituais e os nosos poderosos medios materiais.

Unha análise de conxunto das intervencións das deputadas mostra que, coa excepción de Clara Campoamor, os temas políticos xerais predominaron sobre calquera posible inquietude feminista: as mulleres actuaron moito máis como membros de partidos políticos que como voceiros de reivindicacións femininas. Non obstante, con ocasión do debate a polémica tendeu a centrarse na actitude enfrontada de dúas mulleres: Kent, oposta á concesión por razóns de oportunidade electoral ao igual que o seu partido, e Campoamor, ardente partidaria da concesión en contra do seu partido.

¹⁹ *Mundo Femenino* 76.

Deste xeito, a única deputada que centrou primordialmente a súa actividade na Cámara en temas relacionados coa problemática feminina (concesión do voto, divorcio, investigación da paternidade, prostitución, fillos ilexítimos...) foi a radical Clara Campoamor.

5. Factores que explican a situación e a evolución do traballo feminino na Segunda República española

Entre 1931 e 1936 o réxime republicano intentou levar a cabo unha modernización da sociedade española, con reformas políticas e xurídicas, nunha conxuntura de recesión económica.

A ampliación da categoría «cidadanía» a sectores sociais excluídos do seu exercicio é un dos motores, un eixe mobilizador, das revolucións liberais do século XIX e dos procesos de transformación democrática dos principais países europeos. En España non é até a Segunda República que, de xeito controvertido, as formas de participación política excluíntes se reformulan co ánimo de superar a visión restritiva da cidadanía política, tan asociada co universo masculino²⁰.

No ámbito xurídico pártese dunha subordinación sistemática da muller ao varón, que é entendido como o único suxeito legal, para o caso español no Código civil de 1889, o Código penal de 1870 e o Código de comercio de 1885. Esta subordinación constrúea no espazo privado o Código civil: así, vemos a obriga da muller casada a respecto do marido, a obediencia obrigada ou o paso do sometemento da patria potestade á potestade marital. E do espazo privado trasládase ao público: a autorización é requisito para multiplicidade de actos relacionados coa esfera laboral e que se traducen en pór á disposición do marido o salario. Isto implica unha negación da categoría de individuo autónomo e a sistemática consideración da muller como suxeito carente dos atributos necesarios para acceder á categoría de cidadá, entendida como a pertenza completa á comunidade²¹.

²⁰ NASH, M. (1995) «Género y ciudadanía» en Juliá, S. (ed.) *Política en la II República*, Ayer 20, pp. 241 258.

²¹ MARSHALL, T. H. (1992) *Citizenship and Social Class*. Londres, Pluto Press.

A lexislación do bienio republicano-socialista permitiu ás mulleres opositar ás prazas de notarías, rexistros da propiedade, procuradorías dos tribunais, secretarías de xulgados municipais e corpos de inspección provinciais (decretos de 29/4/1931, 6/5/1933 e 13/5/1932), mais continuou pechado o acceso feminino aos postos da organización xudicial, o exército e algúns outros corpos ministeriais. Por tanto, segue a existir na lexislación laboral xeral e nas bases de traballo²² unha serie de empregos prohibidos para a muller por causa da súa bioloxía específica, debilidade, moralidade... e do desemprego masculino.

A presenza feminina no republicanismo dos anos trinta permite unha aprendizaxe política de moitas mulleres que dá lugar ao establecemento do marco básico das relacións de xénero nestes partidos, porque a concesión do dereito ao voto implica, dunha parte, a creación de seccións femininas nos partidos republicanos (coa conseguinte subordinación ás directrices políticas masculinas e a súa marxinação das decisións de calado, como indica Mary Nash²³); e, da outra, a incorporación ás filas dos partidos políticos das mulleres, como é o caso de Isabel Oyarzábal, afiliada desde 1931 ao PSOE e á UXT.

Desde o punto de vista representativo, o estudo das candidatas femininas nas eleccións da Segunda República constata a escasa presenza de mulleres nas listaxes republicanas, o cal denota a exigua confianza depositada nelas e a súa posición subordinada nos partidos²⁴, isto sen esquecer a postura antifeminista de moitos deputados republicanos en debates parlamentarios tan significativos como o do dereito ao sufraxio feminino. Pode concluírse que, en termos xerais, houbo poucas mulleres que militasen nos partidos republicanos e as relacións de xénero nestes eran xerárquicas, circunstancias que non favoreceron o desenvolvemento dunha actividade pública dinámica das republicanas en guerra²⁵.

²² GONZÁLEZ ROTHVOSS, M. (1934) *Anuario español de política social 1934-1935*. Madrid, Sucesores de Ribadeneyra.

²³ NASH, M. (1989) *Las mujeres en la guerra civil*. Madrid, Ministerio de Cultura, p. 16.

²⁴ VILLALAÍN GARCÍA, P. (1999) «Mujeres en las candidaturas electorales. 1931-1936» *Cuadernos Republicanos* 37, pp. 13-25.

²⁵ MORENO SECO, M. (2005) «Republicanas y República en la guerra civil: encuentros y desencuentros» *Ayer* 60, pp. 165-195 e 175.

Creáronse grupos republicanos exclusivamente femininos, como a Unión Republicana Feminina, dirixida por Clara Campoamor, que tiña como obxectivos familiarizar as mulleres coa política, defender os seus dereitos e divulgar os principios pacifistas. Por outra banda, a actuación de moitas republicanas inseriuse na Agrupación de Mulleres Antifascistas (AMA), a principal asociación feminina do momento, a que pertenceu Isabel Oyarzábal.

6. Isabel Oyarzábal e o acceso ao cargo de inspectora provincial de Trabajo en 1933

Unha vez proclamada a Segunda República, as mulleres, por regra xeral, séntense implicadas no proxecto republicano en tanto que se converten nun dos grupos sociais que maiores esperanzas depositan nel e cunha visión máis construtiva do novo réxime²⁶.

No ámbito profesional, nunha sociedade tradicionalmente desigualitaria cara ás mulleres, a chegada da Segunda República abre a porta a unha reforma social e xurídica que lles é favorable. O artigo 2 da Constitución de 1931 establecía a igualdade de todos os españois ante a lei. Sendo esencial, máis o é o artigo 25, que matiza as igualdades xurídicas entre ambos os sexos e prohíbe calquera tipo de privilexio xurídico pola «natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas nin as crenzas relixiosas».

O artigo 40 sinalaba o dereito a exercer unha profesión: «Todos os españois, sen distinción de sexo, son admisibles aos empregos e cargos públicos segundo o seu mérito e capacidade, agás as incompatibilidades que as leis sinalaren». Esta salvidade constitucional tradúcese na incompatibilidade das mulleres para exercer determinadas profesións como ser fiscal, xuíza ou secretaria xudicial. Múltiplos son os debates acerca do acceso da muller ao mundo laboral extradoméstico, moitos dos cales son críticos. Non obstante, conséguese pouco a pouco a incursión no emprego público tradicionalmente ocupado por varóns.

Isabel Oyarzábal ten un importante papel dentro do aparato governamental da Segunda República española: interveu en propostas legislativas, primeiro para as escolas

²⁶ Así o manifestaba a avogada madrileña Concha Peña: «Estou satisfeita do novo réxime: creo e agardo moito bo deste goberno (...). Á parte das miñas ideas políticas, que hoxe tras moitas loitas e desgustos vexo realizadas, é un feito xa a igualdade da muller en todas as ordes». GUTIÁN, M. (1931) «La mujer en la política. Concha Peña» *Mujer* 12, p. 5.

nacionais de xordos e mudos, e tamén para a regulación dos hospitais e dos dereitos dos traballadores mutilados. Máis tarde participou no control e a normativa do desemprego no marco da lexislación do traballo promulgada por Largo Caballero.

Foi a primeira muller inspectora de fábricas. Era unha funcionaria incondicional do Goberno no primeiro bienio republicano. Apoiou as medidas de Azaña como ministro de Guerra, e criticou duramente a Alcalá Zamora, presidente da República e á sazón extraordinariamente moderado e católico para un goberno innovador de esquerda.

A traxectoria profesional de Isabel Oyarzábal nestes anos empeza a definirse a partir de dous nomeamentos: por un lado, como delegada española na Sociedade de Nacións e na Conferencia Internacional do Traballo, en Xenebra, onde presentou novas e revolucionarias propostas para a regulación laboral de mulleres e nenos; e, polo outro, como inspectora provincial de Traballo en Madrid, con carácter interino, desde abril de 1933²⁷.

O Decreto de 9 de maio de 1931, que establecía o Regulamento para o servizo da Inspección do Traballo, é un dos exemplos do salto cualitativo da lexislación social durante a Segunda República, nun intento de lles dar resposta aos graves conflitos sociais da etapa anterior²⁸.

O preámbulo reconece que é preciso acomodarse ás «necesidades actuais da lexislación do traballo» segundo a realidade social, así como ter en conta a experiencia do anterior Regulamento de 1 de marzo de 1906, preparado polo Instituto de Reformas Sociais²⁹. Por outra banda, sinala a importancia dos acordos da V Conferencia Inter-

²⁷ Nomeamento como inspectora provincial de Traballo, con carácter interino, de 1 de abril de 1933. Fondo Documental Isabel Oyarzábal Smith (inventario n.º 687 e rexistro 1812, 1), ANC.

²⁸ Nos seus inicios a Inspección tivo un carácter fundamentalmente pedagóxico e persuasivo, de acordo cos ideais harmonicistas do Instituto de Reformas Sociais (1903-1923).

²⁹ O proxecto de regulamento de 1931 foi presentado polo antigo inspector xeral de Traballo, o xeneral José María Marvá, que cumpría así o pedimento do ministro de Traballo, Francisco Largo Caballero. Véxase a bibliografía xeral sobre a Inspección de Traballo desde unha perspectiva histórica en PALACIO MORENA, J. I. (1988) *La institucionalización de la reforma social en España (1883-1924). La Comisión y el Instituto de Reformas Sociales*. Madrid, Centro de Publicacións do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pp. 287-302; MONTROYA MELGAR, A. (2006) «Cien años de inspección de trabajo en España» *Revista Española de Derecho del Trabajo* 132, pp. 849-873; e RODRÍGUEZ-SAÑUDO, F. (2003) «El Instituto de Reformas Sociales en el origen de la Inspección de Trabajo» *Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Extra derecho del trabajo. Centenario del Instituto de Reformas Sociales*, pp. 119-140.

nacional do Traballo, reunida en Xenebra no ano 1923, para determinar os principios xerais da Inspección e a doutrina establecida polo Consello de Traballo³⁰.

Unha das características novas deste regulamento, e que dota a Inspección da autoridade de que carecía, é o establecemento dun sistema de acceso por oposición ás categorías que integran o corpo segundo o artigo terceiro: un inspector xeral, un subinspector xeral, inspectores rexionais, inspectores provinciais, inspectores auxiliares e axudantes. Esta oposición terá lugar en 1933.

As condicións requiridas para o cargo de inspector están reguladas no artigo noveno e son as seguintes:

- 1) Ser español, maior de idade, estar no pleno uso dos seus dereitos civís e políticos.
- 2) Ter a instrución necesaria para o obxecto a que se destina, xustificada por título axeitado, ou competencia recoñecida nas materias que determine un cadro de condicións que, para o efecto, formulará o Ministerio de Traballo e Previsión. Para os cargos de inspector rexional ou provincial serán preferidos os enxeñeiros, médicos e avogados.
- 3) Ser de moralidade irreprochable, de carácter firme e independente, vontade decidida e posuír trato axeitado á misión que ha de desempeñar.

Para exercer como inspector é compatible calquera profesión, aínda que existe a obriga por parte de quen se candidatar de non aceptar outros cargos, a non ser os que xa tivese do Estado no momento de se nomear, para dedicarlle toda a súa actividade ao servizo da Inspección³¹.

O ministro de Traballo Francisco Largo Caballero reestruturou a Inspección de Traballo durante os dous anos e medio que durou o seu mandato. A reorganización dos servizos de Traballo en provincias vai ser unha das reformas realizadas pola Lei de 13 de maio de 1932, que suprime as inspeccións rexionais de Traballo e crea as delegacións

³⁰ Por tanto, está presente a política debatida nos foros internacionais, especialmente na OIT. Véxase CUESTA BUSTILLO, J. (1994) *Una esperanza para los trabajadores. Las relaciones entre España y la OIT (1919-1939)*. Madrid, CES.

³¹ Decreto de 9 de maio de 1931, Gaceta de 12 de maio (preámbulo; artigo 3, referente ás categorías; artigo 9, a respecto das condicións persoais, e artigo 10 acerca das incompatibilidades). O Decreto de 29 de abril de 1931, Gaceta de 30 de abril, modificara previamente algúns preceptos do Decreto de 24 de maio sobre as delegacións rexionais de Traballo, concretamente os artigos 4 e 10. O Decreto de 25 de abril de 1931, Gaceta de 27 de abril, suprimira a Delegación do Ministerio en Cataluña.

provinciais de Traballo. Neste sentido, o delegado de Traballo exerce na provincia respectiva a representación do Ministerio para calquera intervención do poder público encamiñada a resolver os conflitos do traballo. Así mesmo, os delegados provinciais de Traballo van encargarse das funcións e atribucións asignadas aos inspectores e delegados rexionais de Traballo.

Unha vez organizadas as delegacións provinciais, quedan suprimidas as delegacións rexionais e as inspeccións rexionais de Traballo, en canto a institución perde a súa autonomía e pasa a ser un servizo máis da Dirección Xeral de Traballo³². Ao mesmo tempo, os xurados mixtos que substituíron os comités paritarios da Ditadura de Primo de Rivera intensificaron a actividade inspectora que realizaban conforme ao prescrito nas bases de traballo ou acordos paritarios.

O Regulamento para as delegacións provinciais de Traballo apróbase o 23 de xuño de 1932, coa nova organización do servizo da Inspección de Traballo, así como as súas funcións, exercicio, procedemento e sancións³³. Así, xunto coa aprobación da mencionada Lei de 13 de maio de 1932, quedaba definitivamente aprobada a lexislación para levar a cabo as primeiras oposicións co fin de cubrir as prazas de inspectores de Traballo³⁴, que saíran a concurso público o 30 de xuño.

Os aspirantes tiñan trinta días para presentaren a documentación requirida (certificado de ser español e de non ter antecedentes penais, documentos que xustificasen os seus títulos, coñecementos e experiencia) e pagar as 50 pesetas que custaba inscribirse na convocatoria. Ao cabo de trinta días fixéronse públicos os nomes daquelas persoas que cumprían os requisitos. O tribunal encargado de vulgar as oposicións estaba presidido por Juan Negrín López, vicepresidente primeiro do Consello de Traballo.

³² SAN MIGUEL ARRIBAS, L. (1952) *La Inspección del Trabajo (Importancia social y organización administrativa)*. Madrid, Instituto de Estudios Políticos, pp. 68-70. BENAVIDES VICO, A. (2006) «La Inspección de Trabajo en el desarrollo de los derechos sociales» en Espuny, M. J.; Paz, O. e Cañabate, J. (eds.) *Un siglo de derechos sociales. A propósito del centenario del Instituto de Reformas Sociales (1903 2003)*. Bellaterra, Servizo de Publicacións da Universidade Autónoma de Barcelona, pp. 135-163. ESPUNY, M. J. (2006) «Los orígenes de la Inspección de Trabajo en España (1906-2006)» *Iuslabor* 2.

³³ Gaceta de 24 de xuño de 1932. Consta de 97 artigos repartidos en tres capítulos pola súa vez divididos en diferentes seccións.

³⁴ Estaban previstas no capítulo 3 da sección primeira do Regulamento de 23 de xuño de 1932: «Da provisión das prazas de delegados de Traballo, auxiliares de delegacións, inspectores provinciais de Traballo e auxiliares».

Temos constancia da carta asinada por Isabel Oyarzábal Smith, dirixida ao subsecretario do Ministerio de Traballo e Previsión, en que xustifica o pedimento de ser considerada como aspirante no concurso-oposición para cubrir as prazas de inspectores provinciais de Traballo³⁵. Nela alega unha serie de méritos: ser enviada como conselleira técnica da Delegación Governamental na XV e XVI Conferencia Internacional do Traballo de Xenebra nos anos 1931 e 1932; traballar na preparación do Congreso de Estatística anexo a ese Ministerio durante máis dun ano; ser vogal do Padroado do Instituto de Reeduación de Inválidos «cando dependía de Traballo e na actualidade»; ser membro das «Academias de Ciencias de Cádiz e de Málaga e da de Ciencias Sociais de Norteamérica»; «escribir e publicar no *Daily Herald* de Londres acerca das condicións do traballo en España» e ser nomeada membro do Comité de Técnicos do Traballo Feminino con carácter consultivo polo Consello de Administración da Oficina Internacional do Traballo de Xenebra na súa LVI sesión, de xaneiro de 1932.

Vemos como os temas que son obxecto da súa atención se refiren a diversos aspectos relacionados co estudo e o tratamento das condicións de traballo en España, e a aqueles relativos ao desempeño de cargos máis técnicos no ámbito da OIT, con especial atención ao traballo infantil e feminino. Por outra parte sabemos que puido alegar outros «méritos políticos».

Isto último implica que Isabel Oyarzábal se formulou unha opción política de compromiso concreto, despois de manter durante toda a década dos anos vinte un contacto frecuente con núcleos socialistas. Esta aproximación vívola en actos e conferencias na Casa do Pobo e contactos coas agrupacións femininas desta ideoloxía, feito que chega a cristalizar nunha identificación explícita co programa socialista. Con todo, as súas orixes burguesas e os contactos cos núcleos burgueses progresistas parecen contraditorios co que era o PSOE na altura, unha organización de clase.

Os exercicios das oposicións eran os seguintes³⁶:

Primeiro. Contestar por escrito, no prazo de tres horas, dúas consultas que se formulen en relación coa aplicación da lexislación do traballo.

³⁵ Nesta non consta a data. Fondo documental Isabel Oyarzábal Smith (inventario n.º 687 e rexistro 1812, 1), ANC.

³⁶ AGUILAR CESTERO, R. (2007) *La inspección de treball: 100 anys al servei de polítiques socials*. Barcelona, Consello de Traballo, Económico e Social de Cataluña, pp. 246-255.

Segundo. Contestar por escrito, no prazo de catro horas, dúas cuestións que formulará o Tribunal relativas á aplicación da lexislación do traballo nas seguintes materias:

- a) Seguridade do funcionamento de máquinas e seguridade nas construcións
- b) Industrias e traballos insalubres e perigosos
- c) Hixiene e salubridade dos centros de traballo.

Terceiro. Contestar oralmente dúas preguntas dun cuestionario de política social e lexislación do traballo, que se fará público quince días antes daquel en que comece o devandito exercicio.

Cuarto. Formación dun expediente de infracción ou de obstrución, e tramitación deste até a proposta da sanción correspondente.

O Tribunal poderá acordar, ademais, que os aspirantes realicen algún exercicio práctico, como por exemplo o de visitar un centro de traballo ou outro análogo.

O aspecto máis destacado foi que por primeira vez se permitiu que un grupo considerable de mulleres se presentase ás oposicións e optase a conseguir unha praza de inspectora provincial ou auxiliar, mesmo algunhas se presentaron ás dúas prazas de acordo coas previsións do artigo 40 citado. A igualdade entre homes e mulleres no acceso a determinados cargos públicos establecida na Constitución republicana ía cumprirse.

O título que a acredita como «inspector provincial de Traballo» en virtude de concurso-oposición, con carácter interino «e soldo anual de sete mil pesetas», destinada en Madrid, está asinado polo daquela ministro de Traballo e Previsión Social, Francisco Largo Caballero, con data de 1 de abril de 1933³⁷. A súa confirmación no cargo de inspectora provincial consta no certificado de 1 de abril de 1934, conforme á lexislación (artigo 11 do Decreto de 9 de maio de 1931), á súa vez asinado polo daquela xefe de Administración civil de primeira clase e oficial maior do Ministerio de Traballo, Sanidade e Previsión, Luis Muñoz Alonso.

Ela ve como unha oportunidade o acceso ao cargo, alén dunha auténtica proba de superación persoal e de entrega á causa republicana. Séntese orgullosa de ser a primeira muller inspectora provincial de Traballo en España, como vemos³⁸:

³⁷ Fondo documental Isabel Oyarzábal Smith (inventario n.º 687 e rexistro 1812, 1), ANC. O artigo 11 do Decreto de 9 de maio de 1931, Gaceta de 12 de maio, di o seguinte: «Os funcionarios da Inspección de Traballo serán nomeados con carácter interino durante o primeiro ano, e se pasado este demostrasen a eficacia dos seus servizos, serán confirmados nos seus cargos, dos cales non poderán ser separados senón mediante expediente».

³⁸ OYARZÁBAL SMITH, I. (1940) *op. cit.*, p. 210.

In the month of January a decree from the labour ministry announced the setting up of a board of factory inspectors who were to be selected by a tribunal after very hard competitive examinations. The moment I heard of it I made up my mind. I would have a try. I wanted to do something useful for the republic and this was a good chance. Some of my friends tried to dissuade me. «It is going to be hard and you are not strong enough», they would say. But I kept on. For months I could scarcely sleep or rest yet I really believe nothing I have ever done has pleased me more than passing those examinations. I was the only woman who succeeded and I was at once put in charge of everything connected with women's and children's labour.

En 1933 pasa a ser designada «en atención ás condicións que concorren en D.^a Isabel Oyarzábal de Palencia» para representar o Goberno na LXII Reunión do Consello de Administración da Oficina Internacional do Traballo³⁹, en Xenebra, o 23 de abril de 1933, e para asistir á XVII Conferencia Técnica de Colocación, con data de 30 de maio de 1933, tendo a «representación especial de España nesta»⁴⁰, o 20 de maio de 1933. Tamén é nomeada por Orde ministerial de 22 de maio do mesmo ano conselleira técnica na delegación española da Conferencia.

O 8 de novembro de 1938 cesa no cargo de inspectora provincial como consecuencia do seu nomeamento como «ministro plenipotenciario de segunda clase con destino na Legación de España en Estocolmo»⁴¹.

Nos primeiros anos da Segunda República consolídase a súa entrada na esfera pública, despois de despuntar nos anos vinte no círculo das mulleres intelectuais, a través do uso da palabra crítica, xa sexa oral ou escrita. A dirección tomada ten presente a reivindicación dos seus dereitos como mulleres iguais na sociedade de que forman parte⁴².

³⁹ Nomeamento sinado polo subsecretario do Ministerio de Traballo e Previsión. Fondo documental Isabel Oyarzábal Smith (inventario n.º 687 e rexistro 1812, 1), ANC.

⁴⁰ Nomeamento asinado polo subsecretario do Ministerio de Traballo e Previsión. Fondo documental Isabel Oyarzábal Smith (inventario n.º 687 e rexistro 1812, 1), ANC. Trátase da primeira vez que unha muller actúa como ministra plenipotenciaria no marco da Sociedade de Nacións.

⁴¹ Este cargo establécese por Decreto do Ministerio de Estado de 23 de outubro de 1936. Fondo documental Isabel Oyarzábal Smith (inventario n.º 687 e rexistro 1812, 1), ANC.

⁴² Xunto a Isabel Oyarzábal, atopamos numerosos nomes que fraguan a súa traxectoria na esfera pública nestes anos: xa falamos de Clara Campoamor, xunto a María Lejárraga, Concha Espina ou Carmen Baroja.

7. Conclusións

Así como en 1931 se implantaron moitas repúblicas ou, dito doutro modo, un réxime republicano que respondía a diferentes expectativas e contidos, en 1936, nun contexto moi complexo, de perda de poder político, de confusión, morte e sufrimento, a reacción das republicananas foi moi diversa. En moitos casos resulta complicado adscribilas a categorías ríxidas, pois non é sinxelo atoparmos testemuños ou rastrexarmos a evolución política destas mulleres. Desta dificultade dá mostra Paul Preston ao falar das «tres Españas de 1936», a terceira das cales estaría constituída na súa opinión por aqueles que se negaron a tomar parte na guerra, os neutrais que sufriron o ostracismo, como Madariaga⁴³.

Ante a República en guerra, a reacción das republicananas foi nunha dupla dirección. Dunha parte, o rexeitamento do Goberno republicano, como Clara Campoamor, que alude á necesidade da sublevación militar nunha carta dirixida ao director do diario arxentino *Noticias Gráficas* o 12 de febreiro de 1937⁴⁴:

Lamento teoricamente, como liberal, que a única postura posible ante a anarquía que destruíra España fose un levantamento militar; mais recoñezo que non había outra capaz de salvar o país.

Da outra, a crítica desde a lealdade á causa republicana. É o caso de Victoria Kent, que foi nomeada secretaria da embaixada de París. A súa adhesión á República mantívose firme até o final dos seus días. No libro *Cuatro anos da miña vida*, escrito en plena ocupación da Cidade da Luz polos nazis, afirma⁴⁵:

É tempo de que se saiba que a loita pola liberdade comezou en España, que a nosa guerra, que tivo para uns un aspecto de guerra civil, foi o comezo desa guerra, que foi a resistencia ás ordes e á forza dos estados totalitarios.

⁴³ PRESTON, P. (1998) *Las tres Españas del 36*. Barcelona, Plaza&Janés.

⁴⁴ MORENO SECO, M. (2005) *op. cit.*, p. 182.

⁴⁵ KENT, V. (1978) *op. cit.*, pp. 127 e 184.

E é o caso de Isabel Oyarzábal, cuxa adhesión á República tamén se prolonga até a súa morte. Significativo desta incondicionalidade é o relato dos acontecementos nas súas memorias en relación coas eleccións celebradas en febreiro de 1936, que dan a vitoria á Fronte Popular, onde incide na participación da cidadanía⁴⁶:

I look around me. The line formed by haughty grey-haired matrons, carefully watching over giggling daughters, old women with unearthly white faces and trembling hands. One could guess they were nuns because of their nervousness. An order from the bishop had forced them from their quiet secluded convents, an order to vote (...). There were many other types of men and women: quiet determined people who looked like teachers, doctors, artists, students, funny little shopkeepers and a large crowd of overcalled workers.

O seu entusiasmo pola causa republicana carece de fisuras, participa, como vemos, do ambiente impregnado do antifascismo propio dos anos de preguerra.

Durante a guerra civil o termo «republicanas» amplía o seu significado, pois a súa axuda conduce ao enalzamento da Unión Soviética e o modelo feminino por excelencia pasa a ser a muller soviética. Neste contexto non é de estrañar que as republicanas pasen a ser coñecidas como *rojas*. Algunhas das figuras máis representativas do republicanismo marchan ao estranxeiro ben cedo, destinadas a labores diplomáticos —é o noso caso— ou para daren comezo ao seu exilio, mentres a resistencia é levada a cabo por comunistas, socialistas e anarquistas⁴⁷.

Desta forma, prodúcese no imaxinario colectivo unha progresiva fusión das distintas tendencias e organizacións fieis á legalidade republicana que se prolonga no tempo e se fixa na memoria colectiva, entre outros motivos pola propaganda franquista, que as uniformiza todas baixo a óptica do anticomunismo. Como indica Mirta Núñez Díaz-Balart, os republicanos, e con eles as republicanas, «perderán a súa identidade e desaparecerán da memoria»⁴⁸.

⁴⁶ OYARZÁBAL SMITH, I. (1940) *op. cit.*, pp. 222-223.

⁴⁷ MORENO SECO, M. (2005) *op. cit.*, p. 172.

⁴⁸ NÚÑEZ DÍAZ-BALART, M. (2004) «La represión antirrepublicana. La memoria dispersa, la huella borrada» en Egidio León, Á. e Eiroa San Francisco, M. (coords.) *Los grandes olvidados. Los republicanos de izquierda en el exilio*. Madrid, Centro de Investigación e Estudos Republicanos, p. 224.

Entender as mulleres como suxeito histórico conduce a rescatar do esquecemento as republicanas, que pasaron a un segundo plano nunha etapa de gran polarización política. A memoria da guerra está marcada polos mitos, tanto no propio franquismo –que demonizou estas mulleres, cualificándoas de masculinas, frías ou violentas– como na actualidade, en que pervive o símbolo das milicianas no imaxinario colectivo e segue a escurecer a realidade de moitas mulleres, entre elas as republicanas. Fronte a este silencio, alzan a súa voz e actúan en defensa do seu modelo de República.